# REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 27.02.2026 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de febreiro de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte:

**Punto 1. Preguntas**

1.1 37432 (12/POC-008048)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina
Sobre a dotación de persoal docente, coidador e administrativo dos centros de ensino de Salvaterra de Miño e as previsións que ten o Goberno galego canto ás demandas de incremento de profesorado especialista para o alumnado con necesidades educativas especiais
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277f2, do 30.10.2025*
*Publicación recualificación, BOPG n.º 334f3, do 13.02.2026*

1.2 43127 (12/POC-008165)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a necesidade de equiparar o horario lectivo do CEIP de Rubiáns co dos demais centros educativos do concello de Vilagarcía de Arousa
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 314f2, do 15.01.2026*
*Publicación recualificación, BOPG n.º 337f4, do 20.02.2026*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

2.1 11239 (12/PNC-001063)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da inclusión nos orzamentos para 2025 da rehabilitación dos tres edificios do IES de Fene
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024*

2.2 14930 (12/PNC-001461)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto
Sobre as medidas que o Goberno galego debe levar a cabo para impulsar o traballo das fundacións e dos centros galegos de cultura de autor baixo un selo distintivo e cun programa conxunto promovidos pola Consellería de Cultura
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 127, do 04.12.2024*

Asinado o día 24/02/2026 ás 13:53
Por Rubén Lorenzo Gómez

CSV: REXPG-vR99PbT07-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 38665 (12/PNC-003377)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre diversas medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para garantir a atención á diversidade e a educación inclusiva en todos os centros educativos de Pontedeume
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 286f2, do 19.11.2025*

2.4 48432 (12/PNC-003771)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e presentación dunha programación especial para divulgar e coñecer o legado de Otero Pedrayo neste ano da conmemoración do centenario do seu nacemento
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 328f3, do 05.02.2026*

2.5 48998 (12/PNC-003812)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 8 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que analice o informe elaborado pola Federación Provincial de ANPA de centros públicos da Coruña sobre as necesidades dos centros educativos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 332f2, do 11.02.2026*

2.6 49391 (12/PNC-003833)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Comesaña, Julio e 8 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar e consolidar en Galicia o sector da biotecnoloxía
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 332f2, do 11.02.2026*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

Rubén Lorenzo Gómez
Presidente da Comisión

CSV: REXPG-vR99PbT07-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 24/02/2026 13:55:11
Nº Rexistro: 12877
Data envio: 24/02/2026 13:55:11.399

**Asinado dixitalmente por:**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 24/02/2026 13:53:06**

CSV: REXPG-vR99PbT07-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 24/02/2026 13:55:11
Nº Rexistro: 12877
Data envio: 24/02/2026 13:55:11.399

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2026 13:55:12**

CSV: REXPG-vR99PbT07-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA
POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|---|---|
| **Mesa** | |
| Presidente | |
| Rubén Lorenzo Gómez | P |
| Vicepresidenta | |
| María Felisa Rodríguez Carrera | P |
| Secretario | |
| Daniel Castro García | BNG |
| **Vogais** | |
| Victor Manuel Baladrón Lamas | P |
| Aitor Bouza Manso | S |
| Saleta Chao Rivas | BNG |
| María Cristina Fernández Davila | BNG |
| José Luis Ferro Iglesias | P |
| Julio García Comesaña | P |
| Patricia García González | P |
| Silvia Longueira Castro | S |
| Armando Ojea Bouzo | M |
| Carmen María Pomar Tojo | P |
| Mercedes Queixas Zas | BNG |
| Raúl Santamaría González | P |
| Iria Taibo Corsanego | BNG |
| Cecilia Vázquez Suárez | P |

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 37432(12/POC-008048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre a dotación de persoal docente, coidador e administrativo dos centros de ensino de Salvaterra de Miño e as previsións que ten o Goberno galego canto ás demandas de incremento de profesorado especialista para o alumnado con necesidades educativas especiais

*Publicación da iniciativa, 277f2, 30.10.2025*

*Publicación recualificación, 334f3, 13.02.2026*

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 37432
Data envío: 21/10/2025 13:45:32.273

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza dote de Especialistas aos centros educativos do concello de Salvaterra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Salvaterra de Miño é un concello que medrou moito en poboación no que vai de século, pasando de 8.000 a preto de 11.000 habitantes.

Dende que o IES de Salvaterra abriu as súas portas no ano 1.998, todas as matrículas dos centros educativos foron medrando ao mesmo ritmo que a poboación, facendo que as instalacións quedaran pequenas e fora preciso dispoñer de maior número de docentes e especialistas.

Malia isto, nos últimos anos os recortes aplicados pola Consellería foron tamén en aumento, facendo que pese a ter maior número de alumnado o cadro de persoal seguise sendo o mesmo, ata que estes efectivos son insuficientes na actualidade para atender a todo o alumnado, sobre todo a aquel máis vulnerable.

O CEIP de Leirado elevou a súa matrícula de 100 a 130 alumnos/as, mais, con todo, enfróntase ao recorte dunha mestra de Audición e Linguaxe (AL). Este centro foi recoñecido co segundo premio ás boas prácticas en Educación Inclusiva e agora ven como con máis alumnado teñen menos efectivos. A pesares das demandas presentadas pola comunidade escolar ante a Inspección educativa, esta solicitude é denegada reiteradamente.

O CEP Carlos Casares, vese obrigado a compartir docentes con outros centros de ensino. Ademais, as horas de dirección que ten que cubrir o profesorado non se teñen en



Asinado o día 21/10/2025 ás 13:43
Por Cristina Fernández Davila

CSV: REXPG-Nfwh1R7NJ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 37432
Data envío: 21/10/2025 13:45:32.273

conta e non están a ser cubertas, e a falta de docentes Orientadores/as está a afectar a atención que as e os estudantes necesitan. Malia que a situación do profesorado é do catálogo completo, solicitan unha mestra de Audición e Linguaxe (AL) a tempo completo porque teñen moito alumnado NEAE.

O caso do CRA A Lagoa, é moi preocupante. Neste curso retiráronse recursos de apoio fundamental, concretamente profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica (PT) e en Audición e linguaxe (AL). En consecuencia pasouse de atender 25 alumnos e alumnas a só 5 en AL. Só contan cunha coidadora para atender 5 nenos e nenas con necesidades educativas especiais, distribuídos en 4 escolas pertencentes a distintas parroquias, facendo inviábel unha atención efectiva. Non se cobren as baixas dos docentes e o profesorado substitúe a eses compañeiros/as no horario de dirección e secretaría, por exemplo, quedando en moitos casos as aulas con só meras coidadoras, e en situación de claro perigo físico para os nenos e nenas.

O CEIP Infante Felipe atópase tamén nunha clara situación de déficit, xa que, aínda que debería contar con tres liñas educativas, actualmente opera só con dúas. A escaseza de recursos na área de Audición e Linguaxe, Pedagoxía Terapéutica e profesorado de apoio pon en risco o dereito a unha educación inclusiva e de calidade para todas e todo o alumnado, especialmente aqueles que requiren atención especializada. O aumento do alumnado non se está a ter en conta, e xa suman 422 matrículas.

O Instituto de Salvaterra enfróntase a unha falta importante de espazo debido ao aumento do alumnado que afecta ao uso das instalacións por parte das adolescentes e á carencia de espazos dos que non se dotou ao centro no momento da súa construción. Na actualidade supera con creces as 500 matrículas. Derivado deste aumento o centro aumentou o número de profesorado pero non do departamento de Orientación, nin persoal administrativo, precisando outra praza de Orientador/a.

CSV: REXPG-Nfwh1R7NJ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 37432
Data envio: 21/10/2025 13:45:32.273

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Consellaría de Educación, tendo en conta as peticións das direccións dos centros educativos do concello de Salvaterra de Miño, completar os seus cadros de persoal coas especialistas de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Coidadores/as ou Administrativos que correspondan ao número de matrícula e que posibilite unha atención axeitada ás necesidades de todo o alumnado matriculado, con especial atención aquel con necesidades educativas?

- Tendo en conta que xa pasaron seis semanas dende o comezo do presente curso escolar, cando se farán efectivos estes recursos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-Nfwh1R7NJ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 37432
Data envío: 21/10/2025 13:45:32.273

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 21/10/2025 13:43:42**

CSV: REXPG-Nfwh1R7NJ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 37432
Data envio: 21/10/2025 13:45:32.273

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/10/2025 13:45:32**

CSV: REXPG-Nfwh1R7NJ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49276
Data envío: 04/02/2026 08:46:55.148

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita (doc. núm. **37432**) **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 4ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026

Asinado o día 04/02/2026 ás 08:44
Por Cristina Fernández Davila

CSV: REXPG-X9CSW2fUu-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49276
Data envio: 04/02/2026 08:46:55.148

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 04/02/2026 8:44:59**

CSV: REXPG-X9CSW2fUu-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49276
Data envio: 04/02/2026 08:46:55.148

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 8:46:57**

CSV: REXPG-X9CSW2fUu-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026        Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 43127(12/POC-008165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a necesidade de equiparar o horario lectivo do CEIP de Rubiáns co dos demais centros educativos do concello de Vilagarcía de Arousa

*Publicación da iniciativa, 314f2, 15.01.2026*

*Publicación recualificación, 337f4, 20.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:03:13
Nº Rexistro: 43127
Data envío: 29/12/2025 12:03:13.733

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para que o CEIP de Rubiáns no concello de Vilagarcía teña un horario igual que o resto de centros do concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP de Rubiáns, no concello de Vilagarcía, leva anos reivindicando que o seu centro conte cuns horarios lectivos decentes que permitan o desenvolvemento da súa actividade de xeito que tanto crianzas coma familias poidan levar á cabo o seu día a día nun contexto favorábel, que permita a conciliación de toda a comunidade educativa e unha xornada libre de estres e présas para as crianzas.

Dende o ano escolar 2007-08 o CEIP de Rubiáns conta cuns horarios diferentes aos do resto dos centros de ensino público de Vilagarcía: Á súa hora de entrada é as 9.50, o cal provoca que as familias se vexan obrigadas por tema de conciliación a tirar de outras persoas que trasladen aos seus fillos e fillas tanto ao centro escolar coma á parada de autobús. Ademais, debido precisamente ao horario de inicio das aulas, o centro conta unicamente cun Plan Madruga que non cubre o horario que as familias realmente precisan, o cal provoca que o seu uso non sexa moi factíbel impedindo unha conciliación real.

Ao remate das clases, ás 14.50, vólvese dar unha situación indesexábel, xa que as crianzas usuarias do servizo de comedor contan con tan só media hora para comer, a cal todas e todos podemos entender que non é media hora real entre que chegan, colócanse e lles serven o xantar, para logo saír correndo para coller o autobús.

Asinado o día 29/12/2025 ás 12:02
Por María Montserrat Prado Cores

CSV: REXPG-UdTI3mARq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:03:13
Nº Rexistro: 43127
Data envío: 29/12/2025 12:03:13.733

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Falamos polo tanto de nenas e nenos que vense obrigados a Xantar nun espazo de tempo de entre 15 e 20 minutos de tempo, establecendo así uns hábitos de alimentación nada saudábeis e en contra do establecido e recomendado polos especialistas en nutrición e dietética.

É indignante que a programación lectiva se leve a cabo única e exclusivamente en función do servizo de autobús, que comparten con alumnado doutros centros vilagarciáns. Vemos como a vida de toda unha comunidade educativa vese modificada simplemente por meros motivos económicos.

Unha das condicionantes máis claras do horario dos centros escolares galegos é o orzamento que a Xunta está disposta a destinar ao transporte escolar. É habitual ver horarios en centros educativos sen sentido, especialmente comparados con centros próximos, para aproveitar os mesmos buses en varios centros. Tal é a supeditación da educación ao transporte escolar, que a propia normativa para cambio de horarios non obedece á vontade da comunicade escolar senón ás contas do transporte escolar, podendo deixar sen efecto calquera proposta de cambio, por moi sensato que este sexa e aínda que conte con criterios pedagóxicos que o avalen e co apoio unánime da comunidade educativa.

Dende o BNG temos claro que o posicionamento da Xunta e a súa negativa deixa claro cales son as prioridades do goberno galego, vinculando os investimentos en educación a criterios económicos como é o de non autorizar un incremento do gasto en transporte, mentres que por outra parte subvenciónanse e promóvense centros de educación privados.

A demanda é clara, dotar ao centro dun horario de 9.15 a 14.15 h coma o resto dos centros de Vilagarcía, e facilitarlle un servizo de autobús acorde ao mesmo, xa que entendemos que esta debería ser a lóxica habitual, que o servizo de buses se adapte ao centro e non á inversa.

CSV: REXPG-UdTt3mARq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:03:13
Nº Rexistro: 43127
Data envío: 29/12/2025 12:03:13.733

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Xunta proceder a modificar o horario lectivo do CEIP de Rubiáns, no concello de Vilagarcía, pasando do horario actual de 9.50 a 15.30h a un horario de 9.15 a 14.15h. ?

Parécelle razoábel condicionar o horario lectivo ás necesidades da empresa de transporte?

Coidan axeitado que as crianzas deste centro se vexan obrigadas a xantar nun espazo de tempo de entre 15 e 20 minutos?

Hai algún criterio que o xustifique?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

CSV: REXPG-UdTt3mARq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:03:13
Nº Rexistro: 43127
Data envio: 29/12/2025 12:03:13.733

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2025 12:02:08**

CSV: REXPG-UdTt3mARq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:03:13
Nº Rexistro: 43127
Data envio: 29/12/2025 12:03:13.733

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 12:03:14**

CSV: REXPG-UdTi3mARq-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50304
Data envío: 11/02/2026 16:28:15.917

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita (doc. núm. **43127**) **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 4ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

Asinado o día 11/02/2026 ás 16:28
Por María Montserrat Prado Cores

CSV: REXPG-LfaOPG13o-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50304
Data envio: 11/02/2026 16:28:15.917

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2026 16:28:04

CSV: REXPG-LfaOPG13o-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50304
Data envío: 11/02/2026 16:28:15.917

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 16:28:16**

CSV: REXPG-LfaOPG13o-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 11239(12/PNC-001063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da inclusión nos orzamentos para 2025 da rehabilitación dos tres edificios do IES de Fene

*Publicación da iniciativa, 91f2, 25.09.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 11:29:01
Nº Rexistro: 11239
Data envío: 16/09/2024 11:29:01.432

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o estado do centro IES de Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES de Fene, situado na parroquia de Barallobre deste Concello, alberga na actualidade a máis de 420 alumnos e alumnas da ESO, de 2 especialidades de bacharelatos (Científico-tecnolóxico, e Humanidades e ciencias sociais), 4 ciclos medios (Mantemento electromecánico, Soldadura e caldeiraría, Instalacións frigoríficas e de climatización, e máis Electromecánica de vehículos automóbiles), 1 ciclo superior (Mecatrónica industrial), así como FP básica (Mantemento de vehículos e Fabricación e montaxe),

O centro, con anos 42 de idade, consta de 3 edificios, todos eles con múltiples eivas e necesidades, que levan nun estado lamentábel tempo de máis, e que fai temer pola seguridade das persoas da toda a súa comunidade educativa.

De seguido relacionamos algunhas das máis graves, aínda que nos consta que na Consellaría de educación xa teñen coñecemento delas. De feito existe o compromiso de rehabilitar 1 dos 3 edificios. Compromiso que non só está sen concretar, senón que como pode comprobarse resulta insuficiente a todas luces.

O que falta, como é habitual na Xunta do Partido Popular, é unha aposta decidida por un ensino público, galego e de calidade, que para o caso de IES de Fene significaría un proxecto de rehabilitación e reforma dos tres edificios. Falta, polo tanto,



CSV: REXISTRO-ziSeLmcxB-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 11:29:01
Nº Rexistro: 11239
Data envío: 16/09/2024 11:29:01.432

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vontade política. Vontade política acompañada das correspondentes partidas orzamentarias, loxicamente, para que non aconteza como tantas veces que a súa vontade queda apenas en meras declaracións de boas intencións que nunca se concretan.

1.- Tellados en moi mal estado.

2.- Fendas nos piares de cemento.

2.- Fendas nas fachadas e no interior dos edificios.

3.- Humidades en escaleiras, varandas enferruxadas, marcos de ventás apodrecidos, pingueiras nas aulas e mesmo enriba de cadros eléctricos, e chan mollado nas zonas de paso.

4.- Problemas coa calefacción, tubaxes subterráneas de ferro cun alto grao de corrosión.

5.- Portas de emerxencia que non abren ben.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a incluír nos orzamentos para o ano 2025 a rehabilitación e reforma dos 3 edificios do IES de Fene."

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
**Xosé Manuel Golpe Acuña**
**Cristina Fernández Davila**
Deputados e deputada do G.P. do BNG



CSV: REXISTRO-ziSeLmcxB-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2024 11:29:01
Nº Rexistro: 11239
Data envio: 16/09/2024 11:29:01.432

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 16/09/2024 11:22:00**

**José Manuel Golpe Acuña na data 16/09/2024 11:22:10**

**Cristina Fernández Davila na data 16/09/2024 11:22:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2024 11:22:39**

CSV: REXISTRO-zISeLmcxB-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 14930(12/PNC-001461)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as medidas que o Goberno galego debe levar a cabo para impulsar o traballo das fundacións e dos centros galegos de cultura de autor baixo un selo distintivo e cun programa conxunto promovidos pola Consellería de Cultura

*Publicación da iniciativa, 127, 04.12.2024*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, ten unha relevancia máis que recoñecida no ámbito nacional e mesmo internacional. Tanto no eido da arquitectura e as artes plásticas como no ámbito das letras e o pensamento. Así como naqueles exemplos que mesturaron diferentes pescudas que van desde o pensamento e a escrita, até a música ou a ciencia.

Un bo exemplo disto último o temos naqueles homes e mulleres que conformaron unha das xeracións mellor preparadas deste país e que tiveron que buscar o exilio (exterior ou interior) co estalido da Guerra Civil. O seu traballo, hoxe recollido e analizado en pequenas fundacións, están sustentados na maioría dos casos co esforzo dos concellos e deputacións. Ao tempo que ofrecen unha oferta cultural tanto en cidades como en pequenas vilas nas que xeran boa parte das iniciativas culturais.

Existen tamén outras que comezan a recoller o legado e arquivo de creadores que aportaron feitos diferenciais ao que supón Galicia, e que dan novos pulos culturais, contribuíndo ás comunidades nas que se atopan inseridos. E crean importantes focos de acción para as e os artistas actuais xerando accións e liñas de creación. A lista é longa e con desiguais puntos de desenvolvemento: Castelao, Vicente Risco, Luis Seoane, Penzol, Uxío Novoneira, Celso Emilio

CSV: REXISTRO-mVyYEdz4L-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ferreiro, Ramón Cabanillas, Manuel María, Laxeiro, Eugenio Granell, Casa Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Carlos Casares…

Unha longa lista esparexida polo territorio galego e que forman un tecido cultural esforzado e pouco escoitado polos dirixente políticos.

Estas fundacións e centros xeran un importante produto cultural, ben porque traballan na pescuda de documentación e conservación da mesma, ben porque ademais dese labor arquivística desenvolven un programa de exposicións e actividades singular. Vencellado tanto a propia labor do autor como a súa posta en diálogo co presente actual.

É unha certeza e obviedade que co apoio da Consellería de Cultura de xeito sostido, en programas que ben puideran estar consensuados e dentro dun programa ad hoc, Galicia, sae gañando. A cultura galega, sae gañando. O tecido cultural e os seus compoñentes, saen gañando.

Sería esta unha forma de construír unha marca da cultura galega, que como xá dixemos, está inserta en todo o seu territorio; ademais de dar visibilidade ao traballo de intelectuais e creadores que se ben pode que se lles poña nome e cara, hai un descoñecemento profundo do seu legado.

Por tales motivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un censo para todas as fundacións e centros de cultura de autor poidan inscribirse para formar parte dun programa conxunto de visibilización promovido pola Consellería de Cultura

CSV: REXISTRO-mVyYEdz4L-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Elaborar desde a Consellería de Cultura un programa de apoio ás decenas de fundacións e centros de cultura de autor que recollen o traballo de senlleiros creadores galegos.
3. Promover un plan de traballo para poñer en valor estes centros e Fundacións que están sostidos na práctica totalidade con fondos municipais e deputacións.

Santiago de Compostela, 25 de novembro do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 25/11/2024 12:50:53**

**Julio Abalde Alonso na data 25/11/2024 12:51:03**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 25/11/2024 12:51:11**

CSV: REXISTRO-mVyYEdz4L-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 38665(12/PNC-003377)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre diversas medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para garantir a atención á diversidade e a educación inclusiva en todos os centros educativos de Pontedeume

*Publicación da iniciativa, 286f2, 19.11.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38665
Data envío: 12/11/2025 14:31:20.860

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 12/11/2
14:26
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 12/11/2025 ás
14:25
Por Silvia Longueira Castro

O inicio do curso escolar 2025-2026 en Pontedeume está a vir marcado por unha situación preocupante: a ausencia de profesorado especialista en varios centros da vila, especialmente no que atinxe á atención a alumnado con necesidades educativas especiais.

Segundo puidemos coñecer a través das reclamacións realizadas polas ANPA da vila, os centros educativos están a sufrir a falla de profesionais clave para garantir unha escolarización digna e inclusiva. Faltan coidadores/as, mestres de Audición e Linguaxe, Pedagoxía Terapéutica e profesionais de apoio, o que está a condicionar o funcionamento básico do centro.

Asinado o día 12/11/2025 ás
14:25
Por Aitor Bouza Manso

As familias e o profesorado denuncian que esta situación non é nova, senón que se repite cada ano por falla de planificación e vontade política da Xunta de Galicia que preside o Sr. Rueda. A isto súmase a práctica habitual de utilizar profesorado doutras especialidades para cubrir funcións que non lles corresponden, ou aumento encuberto das ratios nas aulas, vulnerando o dereito do alumnado a unha atención personalizada.

En Pontedeume, como no resto de Galicia, a sensación xeral é que a Xunta de Galicia segue perpetuando a desigualdade e a desprotección do alumnado máis vulnerable, o que non podemos consentir que continúe ocorrendo.

CSV: REXPG-si7mbp37-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38665
Data envío: 12/11/2025 14:31:20.860

Familias, profesorado e sindicatos coinciden en sinalar que se está vulnerando o dereito básico á educación inclusiva e de calidade. A situación, lonxe de ser puntual, responde a unha falla de planificación estrutural e unha política educativa que prioriza a improvisación e o parcheo sobre a equidade e a anticipación.

Resulta imprescindible poñer fin a esta realidade e garantir, con carácter estrutural, a presenza de profesionais especialistas en todos os centros educativos que o requiran, con independencia do seu nivel de protesta ou exposición mediática. Só así se poderá cumprir o dereito a unha educación pública, inclusiva e de calidade para todo o alumnado eumés.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir, de forma inmediata, a cobertura de todas as prazas de profesorado especialista necesarias nos centros educativos de Pontedeume, incluíndo coidadores/as, mestres de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, profesionais de apoio educativo e persoal de orientación.
2. Elaborar e presentar ante o Parlamento galego un informe detallado no prazo de un mes sobre as necesidades de profesorado especialista detectadas en Pontedeume para o curso 2025-2026 e a situación de cobertura real actualizada, con información por centro.
3. Crear un plan específico para a atención á diversidade educativa en Pontedeume, que inclúa recursos humanos suficientes, mecanismos de seguimento continuo e participación da comunidade educativa.

CSV: REXPG-si7imbp37-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Grupo
Parlamentario
Socialista

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38665
Data envio: 12/11/2025 14:31:20.860

4. Garantir que en ningún centro de Pontedeume se supere o número máximo de alumnado por aula establecido legalmente e que non se empregue profesorado doutras especialidades para funcións alleas á súa formación específica.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2025

CSV: REXPG-si7imbp37-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38665
Data envio: 12/11/2025 14:31:20.860

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 12/11/2025 14:25:50**

**Silvia Longueira Castro na data 12/11/2025 14:25:56**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/11/2025 14:26:03**

CSV: REXPG-si7imbp37-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 38665
Data envio: 12/11/2025 14:31:20.860

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/11/2025 14:31:21

CSV: REXPG-si7imbp37-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 48432(12/PNC-003771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e presentación dunha programación especial para divulgar e coñecer o legado de Otero Pedrayo neste ano da conmemoración do centenario do seu nacemento

*Publicación da iniciativa, 328f3, 05.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48432
Data envío: 28/01/2026 18:34:34.246

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Exposición de Motivos**

O pasado 19 de decembro, o Parlamento de Galicia, logo do acordo unánime dos grupos parlamentarios, expresou a declaración do ano 2026 como ano Otero Pedrayo, logo da proposta feita polo conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

Este recoñecemento, que conmemora o 100 aniversario do nacemento do "patriarca das Letras Galegas", busca poñer en valor a súa figura e promover novas achegas para divulgar e coñecer o seu legado, en colaboración coas institucións culturais, educativas e académicas do país.

Do mesmo xeito, as administracións públicas tamén xogan un papel esencial no relativo á difusión e posta en valor da nosa cultura e os seus persoeiros, como pode ser o caso da programación desenvolvida no último ano con motivo da conmemoración do Ano Castelao 2025, ou, de xeito habitual, coa programación relativa á conmemoración das Letras Galegas.

Por ese motivo, e ante un fito tan relevante, o Goberno galego debe desenvolver unha programación especial que poña en valor a figura dun dos máis grandes persoeiros das nosas letras, espallando o seu legado e difundindo tan valiosa creación como a que agromou do tinteiro de Otero Pedrayo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar e presentar unha programación especial que axude a divulgar e coñecer o legado de Otero Pedrayo, co gallo da conmemoración do Ano Oteriano 2026"

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026

Asinado o día 28/01/2026 ás 18:33
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-DfaQVs0p7-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48432
Data envio: 28/01/2026 18:34:34.246

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2026 18:33:53**

CSV: REXPG-DfaQVs0p7-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48432
Data envio: 28/01/2026 18:34:34.246

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 18:34:35**

CSV: REXPG-DfaQVs0p7-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 48998(12/PNC-003812)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que analice o informe elaborado pola Federación Provincial de ANPA de centros públicos da Coruña sobre as necesidades dos centros educativos

*Publicación da iniciativa, 332f2, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:47:23
Nº Rexistro: 48998
Data envío: 02/02/2026 16:47:23.154

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 02/02/2026 ás 16:41
Por Iria Carreira Pazos
Por Saleta Chao Rivas
Asinado o día 02/02/2026 ás 16:40
Por Rosana Pérez Fernández
Asinado o día 02/02/2026 ás 16:40
Por Mercedes Queixas Zas
CSV: REXPG-UDJYuDwEZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas**, **Rosana Pérez Fernández**, **Iria Carreira Pazos**, **Iria Taibo Corsanego**, **Saleta Chao Rivas**, **Cristina Fernández Davila** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as necesidades dos centros educativos da provincia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación Provincial de centros públicos da Coruña acaba de presentar un informe coas necesidades que presentan os centros educativos da provincia da Coruña.

Este informe ofrece unha diagnose actualizada e realista, elaborada a partir da información achegada polas ANPAS da provincia, nun exercicio de compromiso coa educación pública.

Desta análise despréndese un diagnóstico que demostra a recorrencia das deficiencias dos centros educativos ao longo e ancho de todos os concellos da provincia a respecto da insuficiente dotación de recursos humanos, nomeadamente dos profesionais da atención das NEE e NEAE, a ausencia dunha accesibilidade universal que está a impedir a inclusión real, a desatención das necesidades específicas que están a impedir un trato digno e axustado á realidade diversa do alumnado ou as relativas ao mantemento das infraestruturas.

Para alén da recollida de datos sobre a problemática diversa que que veñen soportando os centros educativos, curso a curso, este informe tamén recolle propostas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:47:23
Nº Rexistro: 48998
Data envio: 02/02/2026 16:47:23.154

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de mellora co fin de avanzar cara a unha educación pública de calidade e en igualdade de condicións, un obxectivo co que é preciso que se comprometa a Xunta de Galiza, como administración responsábel e competente en materia de educación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta a analizar o Informe de necesidades dos centros educativos da provincia da Coruña, elaborado pola Federación provincial de ANPAS, para abordar conxuntamente as propostas de mellora de cara á elaboración dun plan estratéxico de atención aos centros educativos da provincia que dea resposta ás súas necesidades recorrentes".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-UDJYuDwEZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:47:23
**Nº Rexistro: 48998**
Data envio: 02/02/2026 16:47:23.154

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 02/02/2026 16:40:41**
**Rosana Pérez Fernández na data 02/02/2026 16:40:50**
**Iria Carreira Pazos na data 02/02/2026 16:41:03**
**Iria Taibo Corsanego na data 02/02/2026 16:41:09**
**Saleta Chao Rivas na data 02/02/2026 16:41:17**
**Cristina Fernández Davila na data 02/02/2026 16:41:24**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2026 16:41:31**
**José Manuel Golpe Acuña na data 02/02/2026 16:41:44**
**Óscar Insua Lema na data 02/02/2026 16:41:51**

**CSV:** REXPG-UDJYuDwEZ-8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:47:23
Nº Rexistro: 48998
Data envio: 02/02/2026 16:47:23.154

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 16:47:24**

CSV: REXPG-UDJYuDwEZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 27.02.2026        Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6 49391(12/PNC-003833)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar e consolidar en Galicia o sector da biotecnoloxía

*Publicación da iniciativa, 332f2, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:23:32
Nº Rexistro: 49391
Data envío: 04/02/2026 13:23:32.089

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Julio García Comesaña, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 4º, Educación e Cultura, sobre a Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030

**Exposición de Motivos**

A biotecnoloxía constitúe hoxe un dos sectores estratéxicos con maior potencial de crecemento, innovación e creación de emprego cualificado, tanto a nivel europeo como internacional. Galicia vén demostrando nos últimos anos unha aposta decidida por este ámbito, integrándoo como un dos eixos clave do seu modelo de desenvolvemento baseado no coñecemento, na ciencia e na innovación.

Neste contexto, a Xunta de Galicia iniciou os traballos para a elaboración da nova Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030, unha folla de ruta que dará continuidade e ampliará o alcance da recentemente finalizada Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía 2021 2025. Trátase dunha iniciativa plenamente aliñada co Plan Galego de Investigación e Innovación 2025 2027, que identifica a biotecnoloxía como unha iniciativa de alto impacto e un dos elementos que máis competitividade achegan ao ecosistema galego de I+G+i.

Os datos avalan esta aposta. O investimento en I+D en biotecnoloxía en Galicia aumentou máis dun 20 % nos últimos anos, incrementándose tamén o número de empresas, de persoas traballadoras e o impacto económico do sector, que xa representa arredor do 0,37 % do PIB galego. Galicia conta con 66 empresas cuxa actividade principal é a biotecnoloxía, máis de 160 entidades que desenvolven produtos ou servizos baseados nesta tecnoloxía, e máis de 1.700 persoas dedicadas á I+D biotecnolóxica.

A nova Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030 ten como obxectivo consolidar Galicia como unha biorrexión de referencia internacional, promovendo un tecido produtivo de alto valor engadido, capaz de crear emprego cualificado, atraer e reter talento e captar investimento e financiamento competitivo. Para a súa elaboración, a Xunta de Galicia está a contar coa colaboración de BIOGA, o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida, así como cun proceso participativo aberto ao conxunto do ecosistema biotecnolóxico galego e a axentes nacionais e internacionais.

Asinado o día 04/02/2026 ás 13:22
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-oWmhQiiSP-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:23:32
Nº Rexistro: 49391
Data envío: 04/02/2026 13:23:32.089



Este proceso inclúe a apertura dunha enquisa pública, a celebración de mesas de traballo e a análise das tendencias, capacidades e barreiras do sector, cun calendario que prevé a aprobación da estratexia antes do verán, garantindo así unha planificación rigorosa, participada e orientada a resultados.

O Grupo Parlamentario Popular considera necesario apoiar institucionalmente este traballo estratéxico, poñendo en valor o liderado da Xunta de Galicia neste ámbito e reforzando o compromiso co desenvolvemento dun sector clave para o futuro económico, científico e social de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Continuar e culminar o proceso de elaboración da Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030, garantindo a súa aprobación dentro do calendario previsto e o seu aliñamento co Plan Galego de Investigación e Innovación 2025 2027.

2. Reforzar o carácter participativo da estratexia, favorecendo a implicación activa do conxunto do ecosistema biotecnolóxico galego, incluíndo empresas, centros de investigación, universidades, clústeres, profesionais do sector e axentes nacionais e internacionais.

3. Impulsar medidas que favorezan o desenvolvemento dun tecido produtivo biotecnolóxico de alto valor engadido, capaz de xerar emprego cualificado, atraer e reter talento e incrementar o impacto do sector no produto interior bruto galego.

4. Promover a captación de investimento público e privado, así como de financiamento competitivo nacional e europeo, que permita consolidar Galicia como unha biorrexión de referencia a nivel internacional.

5. Establecer mecanismos de seguimento e avaliación periódica da Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030, que permitan medir o grao de cumprimento dos obxectivos fixados e introducir melloras cando sexa necesario.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026

CSV: REXPG-oWmhQiiSP-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:23:32
Nº Rexistro: 49391
Data envio: 04/02/2026 13:23:32.089

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2026 13:22:40**

CSV: REXPG-oWmhQiiSP-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:23:32
Nº Rexistro: 49391
Data envio: 04/02/2026 13:23:32.089

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 13:23:32**

CSV: REXPG-oWmhQiiSP-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/